

Proxecto Lingüístico de Centro IESP Eusebio da Guarda, curso 2020-21

Índice

I. Proxecto Lingüístico de Centro (PLC), IESP Eusebio da Guarda, curso 2020-21

Presentación.

I.1. Punto de partida.

I.2. A normalización lingüística, un continuo histórico.

I.3. A normalización lingüística no noso centro.

I.4. Que é o PLC? Obxectivos da planificación lingüística.

I.4.1. Materias que se imparten en lingua galega.

I.4.2. Medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo.

I.4.3. Criterios para determinar a lingua predominante do contorno.

I.4.4. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

I.4.5. Actividades complementarias e extraescolares.

I.4.6. Accións dinamizadoras:

I.4.6.1. Divulgación lingüística.

I.4.6.2. Potenciación da Biblioteca.

I.4.6.3. Ambientalidade do centro.

I.4.7. Avaliación.

II. Proxecto do Equipo de Dinamización Lingüística (EDL) do IESP Eusebio da Guarda, curso 2020-21

Presentación.

II.1. Breve estudo sociolingüístico do centro.

II.2. Descrición de obxectivos.

II.3. Descrición de actividades.

II.4. Cadro-resumo das actividades.

Constitución do Equipo de Dinamización Lingüística (EDL) do IESP Eusebio da Guarda.

I. Proxecto Lingüístico de Centro IESP Eusebio da Guarda, curso 2020-21

Presentación

Ao abeiro do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o IES Plurilingüe Eusebio da Guarda presenta o Proxecto Lingüístico do Centro (PLC) para o curso 2016-17.

Redactouno, tras ser oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), unha comisión do profesorado do centro designada polo Equipo Directivo e na que tiveron especial relevancia o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e os compoñentes dos Departamentos das outras linguas. Inclúe a delimitación de materias en galego e en castelán, aprobadas polo Consello Escolar tras escoitar á CCP, que garante o reparto na mesma porcentaxe de horas semanais de ambas linguas. Finalmente, o PLC, avaliado e aprobado polo Consello Escolar, foi enviado aos servizos de Inspección Educativa.

I.1. Punto de partida

O Instituto Eusebio da Guarda é un centro de ensino secundario, situado no centro da cidade da Coruña, no que se imparten estudos dos dous ciclos da ESO e da ESA, os bacharelatos de ciencias e tecnoloxía e humanidades e ciencias sociais e mais os dous ciclos de grao superior de Hostalería e Turismo. Conta aproximadamente con mil cento alumnos e alumnas matriculados, distribuídos nos réximes de estudo diúrno e nocturno, e ao redor de noventa e oito profesores.

O noso centro ten unha longa e prestixiosa historia desde que comezou a funcionar en 1862 no Palacio dos Marqueses de Camarasa e dende 1890 neste edificio. Foi o primeiro instituto de ensino secundario da cidade (o segundo é o IES Salvador de Madariaga, que se inaugurou en 1947). Fachada da praza de Pontevedra e emblema da historia do ensino galego, ao carón das veciñas Escolas Da Guarda, o edificio da Guarda proxectouno o arquitecto Faustino Domínguez Coumes-Gay e custeouno o principal filántropo de Galicia, Eusebio da Guarda, feito e figura que enzalzou o poeta Manuel Curros Enríquez.

Nestas aulas aprenderon senlleiras personalidades. Foron alumnos e alumnas Pablo Picasso, Roberto Nóvoa Santos, Santiago Casares Quiroga, Emilio González López, Francisco Lloréns, Amparo Alvajar, Wenceslao Fernández Flórez, Salvador de Madariaga, Urbano LUGRÍS, Gonzalo Torrente Ballester, María Wonenburger, etc. Foron profesores o pai de Picasso, José Ruiz Blasco, o historiador Meijide Pardo, os artistas Román Navarro, Isidoro e Modesto Brocos, Lolita e Indalecio Díaz Baliño, Tomás Barros... Cómpre singularizar, ademais, que o noso centro foi escenario de fitos precursores da normalización lingüística en Galicia:

Xosé Pérez Ballesteros, o primeiro director do noso instituto, foi contertulio da Cova Céltica, recopilador dun cancionero popular galego e cofundador da Academia Galega.

Xoán Vicente Viqueira, catedrático deste centro, criado na ILE (Institución Libre de Enseñanza), o filósofo máis sobranceiro da Historia de Galicia, foi presidente das Irmandades da Fala e destacado representante da xeración Nós; froito das súas ideas foi a Escola do Ensino Galego, que mantiveron Ánxel Casal e María Miramontes na Editorial Nós, na Coruña dos anos vinte.

María Barbeito, directora das Escolas da Guarda, desenvolveu nelas o seu labor que é orgullo da historia da educación en Galicia.

Durante os anos sesenta tiveron lugar no noso centro os cursos de galego organizados pola Asociación Cultural O Facho.

I.2. A normalización lingüística do galego, un continuo histórico

Resumimos en sete os pasos da legalidade da lingua galega:

1. Durante o franquismo, o monolingüismo en castelán coutou a posta en práctica do Estatuto de Autonomía de 1936, que recoñecera por primeira vez o galego como lingua oficial.

2. A Constitución española (1978) establece que o castelán é a lingua oficial do Estado español (art.3.1) e que as demais linguas españolas serán tamén oficiais en cadansúa comunidade autónoma de acordo cos seus estatutos (art. 3.2).

3. O Estatuto de Galicia (1981) recoñece o galego como a lingua propia de Galicia (art. 5) e a Galicia como comunidade histórica.

4. A Lei de Normalización Lingüística (1983) asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. O sistema educativo galego debe garantir que ao remate do ensino obrigatorio o alumnado acade a igualdade de competencia nos dous idiomas oficiais, nos seus niveis oral e escrito (art. 14 da Lei 3/1983).

5. O Decreto 247/1995 recoñece que a adquisición da competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través do uso vehicular nunha parte significativa do currículo.

6. O Plan Xeral de Normalización Lingüística (PXNL), aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia en 2004, dálle prioridade á presenza da lingua galega no ensino como un dos sectores estratéxicos.

7. O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, regula a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo e ten como obxectivo o de garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s). Este complétase na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

I.3. A normalización lingüística no noso centro

Segundo consta no PEC, as grandes liñas do Centro en política lingüística son:

– A asunción da lingua galega como lingua oficial do Centro, coidando que a vida administrativa do mesmo e as relacións coa comunidade educativa se fagan neste idioma para así contribuír á súa normalización.

– O avance progresivo no campo das materias a impartir en galego para garantir, xa na ESO, a plena competencia do alumnado nas dúas linguas oficiais.

Desde a súa constitución, o Equipo de Normalización Lingüística foi quen de desenvolver unha moera de actividades abertas á participación de toda a comunidade educativa e á colaboración con axentes externos, entre os que citamos: editoriais –que aportan fondos para a biblioteca e facilitan os encontros cos escritores–, asociacións culturais da cidade –que ofrecen campañas de dinamización cultural e lingüística–, museos e centros culturais –que organizan exposicións e visitas didácticas guiadas–, servizos municipais e da Xunta de Galicia –que ofrecen campañas diversas de animación á lectura, cursos de educación audiovisual e de valoración do patrimonio cultural de Galicia–.

Algunhas das actividades por nós realizadas son: labor de asesoramento ao profesorado sobre os materiais existentes en galego; dotación de fondos para a biblioteca; sinalización de espazos do instituto; edición de revistas e outras publicacións (periódico escolar, calendarios [de parede, de mesa e de peto], cadernos didácticos, marcadores de libros, adhesivos, etc.); visitas a museos e outros centros culturais (Real Academia Galega, complexo cultural do Castro de Sada, Fundación Luís Seoane, Fundación Caixa de Galicia...); excursións e roteiros didácticos; exposicións nos corredores do centro (realizadas dentro do propio centro e outras aportadas por distintas entidades); conferencias e encontros con escritores; contactos con outros centros, editoriais e librarías; organización de cursos audiovisuais; celebración do Día das Letras Galegas; asistencia a xornadas de normalización.

I.4. Que é o PLC? Obxectivos da planificación lingüística

O PLC é un documento de obrigada elaboración que expón as medidas de planificación lingüística que o instituto levará a cabo durante un curso escolar. Detalla a distribución lingüística no currículo e as medi-

das de apoio e de reforzo adoptadas para mellorar a competencia lingüística do alumnado. Forma parte do PEC (Proxecto Educativo do Centro).

A planificación lingüística dun centro é o camiño que este deberá percorrer para acadar o **obxectivo lingüístico do sistema educativo galego**, é dicir, que o alumnado acade igualdade de competencia nas dúas linguas oficiais, que manteña a súa lingua inicial e consiga unha boa competencia na outra. Lonxe de ser secundario, este obxectivo é eixe central do sistema educativo galego.

O noso é un sistema educativo bilingüe, mais con dúas linguas que gozan de desigual consideración social desde hai séculos: a lingua que hai que normalizar en Galicia é o galego, isto é, que deixe de ter unha presenza subordinada e que se priorice o seu uso no ensino e nos outros ámbitos estratéxicos (na administración e nos medios de comunicación).

Outros obxectivos da planificación lingüística son:

- Defender a diversidade lingüística e cultural.
- Facer que o centro forme parte dun sistema favorable ao progreso do galego.
- Contribuír á mellora do centro e á organización dos seus recursos.
- Promover unha visión útil da lingua galega, que esfarele prexuízos lingüísticos e reforce a súa estima. O galego, ademais dun uso académico e curricular, debe estar presente na vida cotiá do centro.
- Contribuír a un ensino de calidade e moderno, atento ás esixencias do momento presente.

No PLC faranse constar: 1) Materias que se deben impartir en lingua galega. 2) Medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo. 3) Criterios para determinar a lingua predominante da contorna.

I.4.1. Materias que se deben impartir en lingua galega

É imprescindible que a planificación lingüística se asuma por parte do Equipo Directivo e do Claustro. Debe definirse con claridade que materias serán impartidas en galego.

Na ESO, nos bacharelatos e nos ciclos formativos, garantirase que as materias en galego e en castelán se distribúan na mesma porcentaxe de horas semanais. Deberase procurar, ademais, que o alumnado coñeza o vocabulario específico da especialidade en lingua galega e que utilice a lingua nas manifestacións oral e escrita. A seguinte distribución foi aprobada polo Consello Escolar, a proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica, en xuño de 2010, engadíndose, curso a curso co visto bo da Comunidade Educativa, as modificacións da implantación do plurilingüismo :

1º ESO		
Materias obrigatorias en lingua galega	Materias obrigatorias en lingua castelá	Materias obrigatorias en lingua inglesa
· Lingua Galega. · Xeografía e Historia. · Bioloxía e Xeoloxía.	· Lingua Castelá. · Matemáticas. · Educación Plástica e V.	· Cultura Anglosaxona. · Relixión / V. Éticos. · Educación Física.

2º ESO		
Materias obrigatorias en lingua galega	Materias obrigatorias en lingua castelá	Materias obrigatorias en lingua inglesa
· Lingua Galega. · Xeografía e Historia. · Educación Financeira. · Música.	· Lingua Castelá. · Matemáticas. · Física e Química. · Investigación e tratamento da formación.	· Educación Física. · Relixión / V. Éticos. · Tecnoloxía.

3º ESO		
Materias obrigatorias en lingua galega	Materias obrigatorias en lingua castelá	Materias obrigatorias en lingua inglesa
· Lingua Galega.	· Lingua Castelá.	· Tecnoloxía.

· Xeografía e Historia. · Bioloxía-Xeoloxía. · Cultura Clásica.	· Matemáticas. · Física e Química. · Música.	· Educación Física. · Relixión / V. Éticos. · Educación Plástica e V.
---	--	---

4º ESO						
Comúns: <u>Lingua Galega e Literatura</u> , Lingua Castelá e Literatura, Primeira Lingua Estranxeira, Xeografía e Historia (LG)						
				Cursar unha	Cursar unha	
OPCIÓNS	ENSINANZAS ACADÉMICAS	Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas (LC).	BX (LG) + FQ (LC)	TECN. (LC), ECO (LG)	<i>2ª Lingua Estranxeira II, EPV (LG), TIC (LG), Música (LC), Cultura Científica (LG)</i>	<i>Educación Física (ING.), Relixión (LG) / Valores Éticos (Ing.), <u>Titoría</u></i>
	ENSINANZAS APLICADAS	Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas (LC).	LAT (LC)+ ECO (LG)	<i>CULTURA CLÁSICA (LC), FILOSOFÍA (LC)</i>		
			CIENC. APLI (LC) + INIC. EMPR. (LG)	TECNO-LOXÍA (LC)		

Troncais xerais, **Troncais de opción**, **Troncais de opción que contan como específicas**, *Específicas*, Específicas obrigatorias, Libre configuración autonómica

1º Bacharelato

Materias comúns: Lingua Galega e Literatura I, Lingua Castelá e Literatura I, Primeira Lingua Estranxeira I, Filosofía (LC)

						Cursar unha:	Cursar unha ademais da EF:
MODALIDADES	CIENCIAS	MAT I (LC)	F&Q (LC)	BX (LC)	DT I (LG)	<i>DT I (LG), TECN. IND. I (LG), ANATOM. APLIC. (LG)</i>	<i>EF (ING)</i>
						<i>TECN. IND. I (LG), DEB. ART. I (LG)</i>	
	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS Itinerario Humanidades	LAT I (LC)	H^aMC (LG)	LT. UNIV. (LC)		<i>GRE I (LG), ECO (LC), LING. E PRACT. MUS. (LG)</i>	<i>Cult. Cient (LC), TIC I (LG), 2ª Ling. Estr.</i>

		Itinerario Ciencias Sociais	MAT. APL. I (LC)	H^aMC (LG)	ECO (LC)	<i>LIT. UNIV.</i> (LC), <i>LING. E</i> <i>PRACT.</i> <i>MUS.</i> (LG)	<i>Rel. (LG)</i> + <i>Orato-</i> <i>ria</i> (LG)
--	--	--------------------------------	------------------------	--------------------------------	--------------------	---	--

Materias troncais xerais, **Troncais de opción**, **Troncais de opción que contan como específicas**, *Específicas*, *Libre configuración autonómica*, *Libre configuración do centro*.

2º Bacharelato

Materias comúns(3 h): Lingua Galega e Literatura II , Lingua Castelá e Literatura II, Primeira Lingua Estranxeira II, Historia de España (LG)

	1 materia, 4 h	2 materia 4 h cada unha	1 materia, 4 h (sen repetir)	1 materia, 3 h	1 mate- ria, 1 h
MODALIDADE DE CIENCIAS	MAT II (LC)	BIO (LG) + QUIM (LC)	FIS (LC), QUIM (LC), XEOL (LG), CTMA (LC), TEC. IND. II (LG) H^a DA FILO-	TIC II (LG), 2ª Lingua Estranxeira II, Hª da Música (LC), Psicoloxía (LC) * Métodos (LC) * Electrotecnia (LC). (so alumnado de ciencias)	<i>Relixión</i> (LG) <u>Lab.</u> <u>Inglés</u>
		FIS (LC) + DT II (LG)			
MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	Itinerario de Humanidades	GRE II (LG)+ Hª da ARTE (LC)	Hª DA FILO- SOFÍA (LG)	*O alumnado que escollan unha destas materias deberán completar con Relixión xa que teñen que cursar un mínimo de 2 materias específicas ou troncais de opción que contan como específicas.	
	LAT II (LC)	Hª da ARTE (LC)+ XEOG (LG)			

	Itinerario de CS	MTCS II (LC)	XEOG (LG) + ECO EMPR (LG)			
			Hª da ARTE (LC)+ XEOG (LG)			

Materias troncais xerais, **Troncais de opción**, **Troncais de opción que contan como específicas**, *Específicas*, *Libre configuración autonómica*, *Libre configuración do centro*.

Formación Profesional	Impartiranse en galego as materias de Destinos Turísticos nos dous ciclos de grao superior (Guías, Información e Asistencia Turística, e Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos), con 213 horas cada ciclo.
Ensinanzas de persoas adultas	Acomódanse ás materias do réxime ordinario (diúrno).

Os materiais que se empreguen nestas áreas estarán escritos normalmente no idioma especificado, terán a calidade científica e pedagóxica adecuadas e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, ás peculiaridades de Galicia. O material didáctico deberá ser abundoso e abranguer distintos tipos de textos e soportes, tanto tradicionais como das TIC (páxina web do centro, blogs, traballo escolar con ordenadores etc.).

I.4.2. Medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo

Para acadar o obxectivo lingüístico xeral e atendendo ao fomento do plurilingüismo e a tolerancia lingüística (entendéndoa como o respecto da diversidade lingüística, o estímulo do coñecemento de linguas e mais o orgullo de posuírmos a nosa propia), a tal fin botamos man dos recursos cos que conta o propio centro:

- Adaptacións curriculares por materias, en coordinación cos departamentos didácticos e o Gabinete de Orientación Pedagóxica.
- Elaboración de láminas didácticas de distintas materias atendendo aos contidos mínimos esixidos nas programacións.
- Recuperacións, repasos, atención ao alumnado con materias pendentes con necesidades especiais.
- Elaboracións de materiais para as actividades de estudo: técnicas de estudo, como se mira un cadro, como se fai un traballo escrito etc.
- Elaboración de materiais para os titores: normas de convivencia, dereitos e deberes do alumnado, orientacións para os pais etc.

I.4.3. Criterios para determinar a lingua predominante da contorna

A contorna sociolingüística (ou realidade sociolingüística do centro) vén dada por catro variables: o contexto sociolingüístico (físico e social) do centro, os usos do profesorado e do alumnado e mais a ambientalidade lingüística do centro.

Non desbotamos, a falta doutros datos, unha caracterización impresionista (que tamén pode ser realista), que conte con observacións xa feitas anteriormente, ou mediante a observación participativa de axentes escolares. Valoramos a recolleita de poucos datos pero significativos (que sexan útiles e contrastados). Con estas análises elabórase un diagnóstico xeral da situación sociolingüística (familias e alumnado, profesorado, equipo directivo, ANPA, o Concello, asociacións externas...). A falta doutras fontes, botamos man de fontes secundarias, os estudos do *Mapa sociolingüístico de Galicia* (2004) da Real Academia Galega, e outros.

LINGUA HABITUAL NA CIDADE DA CORUÑA NO ANO 2003 (IGE, 2004)	
Só castelán	40,9%.
Máis castelán	30%
Máis galego	18,2%
Só galego	18,2%

O profesorado.- É o principal axente escolar para levar a cabo a planificación lingüística. O número de profesores do centro é 100; dunha idade media superior aos corenta anos, boa parte del con destino definitivo. Na súa inmensa maioría é de orixe galega. Como dato tirado da observación diaria, o 25% aproximadamente do profesorado usa o galego habitualmente. Non hai hostilidade cara ao galego.

O alumnado.- O centro ten un número aproximado de 1.100 alumnas e alumnos, distribuídos en réxime diúrno (máis de 800) e nocturno (uns 300). No réxime ordinario o alumnado procede, por regra xeral, dunhas familias cun nivel cultural medio ou medio-alto. Non hai asociacionismo cultural no centro nin activismo asociativo do alumnado se exceptuamos a participación no Consello Escolar de tres alumnas o alumnos. Existe unha ANPA, cunha afiliación non moi numerosa.

O persoal non docente.- O centro conta con tres persoas no persoal administrativo, cinco subalternos ou conserxes e cinco no persoal de servizo de mantemento e limpeza. Obsérvase boa disposición, favorable ao uso do galego.

Contexto lingüístico do centro. Destaca a visibilidade do galego na sinalética e nos usos escritos.

Conclusións:

1. Contorna con predominio do castelán.
2. A lingua galega non é estraña a ninguén.
3. Hai que garantir a competencia no galego (L2) e a extensión do seu uso nas actividades escolares.

O profesorado coidará de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia.

Fomentarase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, de xeito que este se converta no idioma base da aprendizaxe e que o alumnado acade unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego entre si e co profesorado.

I.4.4. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan

Estableceranse plans de acollida lingüística, específicos de formación lingüística e cultural destinados ao alumnado inmigrante, que prevexan conceptos básicos de formación lingüística, coñecementos históri-

cos e socioculturais. Este feito debe ser compatible co mantemento da singularidade cultural de Galicia e da súa lingua (ver 3.2).

I.4.5. Actividades complementarias e extraescolares

Fomentarase o uso da lingua galega nas actividades complementarias e extraescolares (excursións, visitas, saídas, charlas, relacións cos medios de comunicación, etc.) e demais actos que organice o centro (comunicacións institucionalizadas).

I.4.6. Accións dinamizadoras

Ademais das accións curriculares expostas, as actividades dinamizadoras supoñen unha intervención consciente en dúas liñas centrais de traballo:

- 1) accións centradas na produción lingüística en galego, tanto oral como escrita;
- 2) accións que tendan a promover actitudes favorables cara ao galego –facendo que sexa visible no centro (ambientalidade lingüística)– e a modificar actitudes lingüísticas negativas.

Deben ser accións estruturadas, organizadas, concretas (para acadar obxectivos concretos), realizables e avaliáveis.

Estimularase a participación do alumnado, a creación de equipos de traballo e a colaboración interna (dirección, departamentos, conserxes, etc.) e externa.

Tenderase á dinamización económica.

Abordamos tres bloques de accións dinamizadoras: divulgación lingüística, Plan lector, e do patrimonio do centro.

I.4.6.1. Divulgación lingüística

A Unesco defende a necesidade dun mundo plurilingüe, onde o uso de todas as linguas sexa normal. Moitos idiomas continúan a ter pouca ou ningunha presenza nas escolas, nos medios de comunicación ou na administración. A metade das 6.000 linguas que existen no planeta corren o risco de desaparecer.

– Materiais de lexislación lingüística. A lexislación lingüística educativa.

Dotación do Equipo e dos membros. Organización do Equipo. Formas de asegurar a participación do alumnado. O equipo de normalización e dinamización lingüística deberá ter un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de normalización lingüística nos centros educativos. Contará co apoio técnico necesario e terá a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.

– Materiais de lexislación lingüística. A lexislación lingüística educativa.

– Proceder durante o presente curso á creación dunha comisión que aborde o estudo da contorna sociolingüística do centro.

— Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias (1992), ratificada polo Goberno español en 2001.

I.4.6.2. Potenciación da Biblioteca

– Plan lector e Clubs de Lectura (M^a Fé Besteiro Martínez, Rosario Vázquez Mourín, Belén Fernández Vázquez).

– Biblioteca.- Exposicións do libro galego. Organización da fonoteca. Discoteca. Organización dos recursos en galego. Elaboración de dossiers de noticias, cadernos escolares e glosarios.

– Nos ciclos formativos a elaboración de glosarios específicos da materia.

I.4.6.3. Ambientalidade do centro (“o espazo tamén educa”)

- Contribución á catalogación do patrimonio do centro: rexistro, inventario de material (mobles, pinturas, esculturas, mapas etc.), relación e memoria de persoeiros relacionados co instituto; arquivo fotográfico (memoria gráfica do instituto), sinalética, etc.
- Roteiros didácticos, visitas de centros de interese didáctico (museos, bibliotecas, fundacións, servizos do Concello...).
- Efemérides e Día das Letras Galegas.

I.4.7. Avaliación

É necesario artellar mecanismos de avaliación para reparar as eivas detectadas en cada curso. Adoptaranse as medidas que permitan dispor dos medios materiais e persoais precisos para corrixilas no curso seguinte.

I.5. Seccións bilingües

No curso actual non funciona ningún grupo de sección bilingüe.

I.6. Centro plurilingüe

Como centro plurilingüe, as materias de Educación Física, Cultura Anglosaxona, Valores Éticos e Relixión en 1º da ESO impártense en inglés polos profesores José Alfredo Haz Garrido (EF), Sebastián Selas Díaz (Cultura Anglosaxona), Mª Rocío Rodríguez Ferreiro (Valores Éticos) e María del Mar Naveira Vázquez (Relixión); en 2º da ESO as materias son Valores Éticos (Mª Rocío Rodríguez Ferreiro), Tecnoloxía (Carmen Couto Cantero), Educación Física (José Alfredo Haz Garrido) e Relixión (María del Mar Naveira Vázquez); en 3º da ESO, Educación Física (Baldomero Carballada Rico), Educación Plástica e Visual (Eva Vérez), Valores Éticos (Mª Rocío Rodríguez Ferreiro e José Óscar Rodríguez de Dios), Relixión (María del Mar Naveira Vázquez) e Tecnoloxía (Mónica Picos López); e en 4º da ESO as materias son Educación Física (Baldomero Carballada Rico) e Valores Éticos (Manuel Torres Cubeiro e Rocío Rodríguez Ferreiro).

En 1º de Bacharelato impártese en inglés Educación Física (Sebastián Selas Díaz) e en 2º de Bacharelato Laboratorio de Inglés (Mª José Pereira Vázquez). Todos están baixo a coordinación de Mª José Pereira Vázquez (Departamento de Inglés).

A maiores do seguimento diario (avaliación continua), realizarase un control ao final de curso para determinar o nivel de adquisición de coñecementos e destrezas da lingua inglesa.

II. Proxecto do EDLG do IESP Eusebio da Guarda, curso 2020-2021

Ao abeiro da Orde do 25 de xuño de 2010, pola que a Secretaría Xeral de Política Lingüística anuncia a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego, o IES Plurilingüe Eusebio da Guarda (A Coruña) presenta o proxecto do seu Equipo de Dinamización Lingüística para o curso escolar 2016-17.

O proxecto, asinado pola coordinadora do equipo de dinamización, co visto e prace da directora do centro, analiza a realidade concreta do centro e, a partir dela, establece os obxectivos e as actividades programadas para o presente curso.

Nel achegamos a seguinte documentación:

Breve estudo sociolingüístico do centro (contorna sociolingüística do centro, situación do profesorado e do alumnado).

Descrición de obxectivos adecuados a cada un dos puntos anteriores.

Descrición detallada das actividades de dinamización lingüística para cada un dos obxectivos propostos.

Cadro resumo de actividades asinado pola coordinadora, co visto e praxe da directora do centro, co compromiso de desenvolver as actividades programadas. Atendendo ao modelo que figura no anexo II desta resolución, no cadro consta de forma resumida a temporalización, o nome da actividade, responsable/s, destinatarios/as e departamento/s a que pertence, así como o orzamento previsto.

NOTA PREVIA:

Coas restricións derivadas da pandemia do COVID-19, o desenvolvemento das actividades escolares e extraescolares, incluídas as da dinamización lingüística organizadas e coordinadas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega, quedarán fortemente condicionadas pola aplicación dos protocolos anti-covid e polos distintos escenarios que se vaian presentando ao longo dos meses do presente curso escolar.

Cabe prever que moitas actuacións programadas para ser levadas a cabo non se poderán realizar, como as que aparecen para este primeiro trimestre do curso, en relación ao que no día da data é a realidade dos centros escolares.

Na maior parte dos casos, en función das circunstancias sanitarias, terán que reformularse con apoio nas TIC, de xeito virtual, en formato dixital ou por vía electrónica.

Aínda así, mantemos a esperanza de que nos sucesivos trimestres a situación mellore e nos permita levar a cabo as que aparecen planificadas.

II. 1. Breve estudo sociolingüístico do centro

A realidade sociolingüística do centro vén dada por catro variables: o seu contexto sociolingüístico (físico e social), os usos do profesorado e do alumnado e mais a cultura lingüística do centro. Non desbotamos unha caracterización impresionista que conte con observacións xa feitas anteriormente e coa observación participativa de axentes escolares, e recolla poucos datos, útiles e contrastados, pero significativos. Con estas análises facemos un diagnóstico xeral da situación sociolingüística (familias e alumnado, profesorado, equipo directivo, ANPA, o Concello, asociacións externas...).

LINGUA HABITUAL NA CIDADE DA CORUÑA NO ANO 2003 (IGE, 2004)	
Só castelán	40,9%.
Máis castelán	30%
Máis galego	18,2%
Só galego	18,2%

PROFESORADO

É o principal axente escolar para levar a cabo a planificación lingüística. Este curso aumentou número de profesorado do ano anterior no centro, 100 (8 máis). A idade media dos mesmos rebaixouse respecto a anos anteriores coa chegada de novos profesores interinos e substitutos recentemente incorporados ao ensino, en varios casos, ou con limitada experiencia como docentes, aínda que cunha formación moi actualizada e cunha actitude de traballo e colaboración, mesmo de incorporación ao centro, moi notable. Continúa sendo, na súa maioría, de orixe galega, aínda que a orixe dos docentes, igual que no caso do resto dos colectivos non asegura unha mellor disposición cara ao uso da lingua galega, aínda que seguramente ese persoal teña un maior coñecemento pasivo da lingua e da cultura galegas.

Non se recollen datos de hostilidade cara á lingua galega.

ALUMNADO

O presente curso escolar 2020-2021, o centro conta cun número de alumnado preto dos 1.100 (1.071, cinco menos que o curso anterior na mesma data). Polo tanto, o número do alumnado deste centro mantense estable, a pesar das excepcionais circunstancias que seguimos a vivir, herdanza e continuación da segunda parte do curso académico 2019-2020.

O alumnado da quenda de día suma 801 entre alumnas e alumnos. Repártense do seguinte xeito: 481 en Ensinanza Secundaria Obrigatoria (120 en 1º de ESO, 118 en 2º de ESO, 118 en 3º de ESO e 122 en 4º de ESO), e 320 en Bacharelato (161 nas distintas modalidades de 1º de Bacharelato e 156 nas diferentes modalidades de 2º de Bacharelato).

O alumnado da quenda de tarde-noite suma 273 alumnos e alumnas. Corresponden aos ciclos formativos un total de 127, aos bacharelatos 76 e aos diferentes módulos de ESA os 70 restantes.

Estes datos poden complementarse con aqueles outros que podemos obter dos rexistros oficiais do centro para obter unha visión do alumnado e familias en relación coa lingua galega. O rexistro de alumnado nacido fóra de España no centro sumaba en outubro de 2019: 54 en ESO, e 34 no bacharelato diúrno, 19 en ESA, 24 en bacharelato de adultos e 19 nos ciclos formativos, que fan un total de 150 alumnos e alumnas nados en 26 países diferentes. Destes 26 países, 16 (15) con linguas distintas de galego e castelán. Os números no curso actual non amosan diferenzas significativas, en liña co ano anterior.

Neste curso o número de alumnado exento de cualificación el Lingua galega e literatura é exíguo: 10, 3 en ESO (1 muller e 2 homes), 6 no bacharelato ordinario (5 mulleres e 1 home) e 1 alumna do bacharelato de adultos. Estes datos indican que a permanencia da grande maioría do alumnado nado en países distintos de España é superior a dous anos.

Non obstante, o grao de incorporación á cultura e lingua galega é moi variable, xa que depende de múltiples factores, o que nos levaría a pensar na necesidade de apuntalar con medidas de dinamización da lingua galega ese proceso de normalización.

FAMILIAS

O alumnado de diúrno procede por regra xeral dunhas familias cun nivel económico e cultural medio ou medio-alto.

O grao de implicación familiar nas actividades a levar a cabo e nos resultados académicos e formativos do alumnado é alto dentro deste centro.

Unha importante porcentaxe do alumnado do centro ten acceso e desenvolve a actividades formativas de carácter complementario: idiomas, música, danza, canto, teatro, deportivas moi variadas,.. Algunhas delas a desenvolver en centros dependentes da Consellería de Educación, dando lugar a titulacións de carácter oficial en Conservatorios de Música e danza, Escola Oficial de Idiomas,...e cuns requirimentos moi esixentes; outras a desenvolver en centros de carácter privado: academias de música, academias de danza, centros de idiomas,...; tamén, parte do alumnado con necesidade de apoio individual recibe clases de reforzo do currículo.

No nocturno hai maior variedade de situacións familiares e persoais.

Non obstante, a preocupación pola lingua galega non se percibe máis que a nivel moi concreto nun número escaso de familias.

ANPA

ANPA do centro, cunha filiación cada vez máis numerosa, colaborou o pasado curso na celebración do Magosto do EDLG, e leva a cabo a organización de actividades nas tardes non lectivas (agás o luns) para o alumnado de diúrno, especialmente ESO, cun seguimento importante.

PERSOAL NON DOCENTE

O centro conta con tres persoas no persoal administrativo, cinco subalternos ou conserxes e cinco no persoal de servizo de mantemento e limpeza. Obsérvase disposición favorable (ou neutra) ao uso do galego.

CONTEXTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Destaca a visibilidade do galego na sinalización do centro e nos usos escritos.

Este centro é, desde o punto de vista histórico, o primeiro instituto de ensino secundario da cidade da Coruña. Está situado no centro da xeografía mental dunha cidade que vive dun xeito particular o conflito lingüístico, pero tamén observamos que nin o alumnado nin o profesorado presentan actitudes de rexeitamento á nosa lingua. Contamos con máis forzas favorables á lingua galega das que dunha forma tópica se soe considerar. Da nosa localización privilexiada debemos tirar proveito para contribuír ao prestixio do ensino en lingua galega e difundir, non só na nosa comunidade educativa, a riqueza do patrimonio que herdamos: debemos estudar, coñecer, amar e defender a nosa herdanza común, e con ela construír a educación do presente e do futuro. Queremos educar na conservación do patrimonio, evitar o seu espolio e recuperar as palabras, para recuperar o mundo. Que as nosas actividades sexan normalizadoras da lingua e recuperadoras da nosa memoria, didácticas e válidas para moitos.

En conclusión:

a contorna amosa un claro predominio do uso con do castelán, exclusivo en moitas familias

a lingua galega non é estraña á maioría, pero o seu uso está restrinxido, en moitos casos de xeito exclusivo, ás aulas. O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou países, sexan falantes de castelán ou doutras linguas perciben a “inutilidade” ou “non necesidade” de incorporarse á nosa cultura a través da lingua

é necesario garantir a competencia no galego , especialmente a nivel oral, (L2) e tamén a extensión do uso vehicular da lingua nas actividades extraescolares e complementarias, a fin de loitar na práctica contra o prexuízo do galego como lingua de incultura o vencellada a unha determinada ideoloxía.

O profesorado é un elemento de colaboración imprescindible para a adquisición , non somente das competencias lingüísticas oral e escrita, que corresponden ao seu labor dentro do currículo das distintas materias, integrado, conforme á lexislación vixente, nas diferentes programacións didácticas, senón a desterrar estereotipos e prexuízos que afectan á lingua galega, a lingua propia de Galicia, e que merece tanta protección se lle poida dar dentro do seu propio territorio histórico. Entendendo que esta especial atención ven sendo necesaria pola situación de desvantaxe que o galego presenta no seu propio territorio, no que concorre coa outra lingua oficial do conxunto do Estado, o castelán.

II. 2. Descrición de Obxectivos

O proxecto do EDLG para o presente curso escolar 2020-2021 segue as liñas de actuación dos cursos anteriores, mantendo a necesaria a priorización dalgúns obxectivos que xa o foran o ano anterior:

1. Visibilización do galego como lingua do centro.
2. Contribución á consecución de hábitos no uso oral da lingua galega e ao aumento do seu prestixio, tanto nos actos ordinarios como institucionais do centro.
3. Estimular a valoración da lingua galega como elemento principal do noso patrimonio cultural, incidindo no alumnado, no profesorado e no conxunto da comunidade educativa.
4. Acercar ao alumnado ao coñecemento e o aprezo do patrimonio natural, cultural e inmaterial de Galicia a través das saídas programadas para cada un dos niveis do en-sino, en estreita colaboración con varios departamentos: Bioloxía e Xeoloxía, Xeografía e Historia, Música e Lingua e Literatura Galega, especialmente (En caso de poder le-varse a cabo).
5. Aumentar a visibilización das actividades levadas a cabo ao abeiro das colaboracións de todos os departamentos con este EDL a fin de reforzar o galego como lingua vehicular ordinaria das actividades do centro.
6. Continuar con aquelas actividades realizadas en cursos anteriores e valoradas positivamente polo alumnado e o resto da comunidade educativa.

II. 3. Descrición de actividades

A seguir presentamos a relación de actividades programadas polo Equipo de Dinamización Lingüística do IES Plurilingüe Eusebio da Guarda para o curso 2020-2021.

ACCÍONS PARA DESENVOLVER OS OBXECTIVOS/PROFESORADO (COORDINADOR- ENCARGADO-COLABORADOR)

1. BLOG DO EDL: "A ARTESA DO EUSEBIO". Actualización permanente do blog coa finalidade de expoñer a toda a Comunidade educativa os diferentes traballos e proxectos levados a cabo desde os diferentes departamentos didácticos e a fin de dar visibilidade aos mesmos, en relación cos obxectivos propostos por este EDL (contribuír á visibilización da lingua galega como lingua de toda a comunidade educativa no Eusebio da Guarda, ao aumento no prestixio e a valoración da mesma, e o aprezo ao noso patrimonio natural, cultural e inmaterial).

- Particularmente, neste curso 2020-2021, por mor das limitacións de todo tipo impostas pola situación de pandemia, este medio será o de uso preferente para a difusión da actualidade: conmemoracións, actividades relacionadas, actividades levadas a cabo por Gabinete de Normalización Lingüística do concello da Coruña, o Portal da Lingua Galega, especialmente, así como doutras iniciativas de diferentes organismos culturais que poidan ser de interese para a Comunidade Educativa deste IES.

2. EXPOSICIÓNS: A pesar de que, en cursos anteriores, nos corredores do Instituto, en datas sinaladas, e ao abeiro das diferentes celebracións propostas pola Consellería e outras puntualmente convocadas, o xeito habitual de presentarmos os traballos do EDL ou dos diferentes departamentos didácticos que colaboran con actividades relacionadas, era o habitual levar a cabo exposicións a través de paneis de diferentes tipos, elaborados por nós mesmos ou cedidos por outras entidades ou persoas, acompañando outros elementos de diferente tipo (libros, carteis, xornais, debuxos, collages, outros materiais...aportados por diferentes entidades ou por membros do profesorado e o resto da comunidade educativa, non é isto conveniente para a situación actual. Por tanto, as exhibicións de calquera tipo haberán de facerse públicas a través da súa publicación no blog do equipo.

3. CERTAMES: Dirixidos ao alumnado por niveis, en relación coas actividades programadas por este EDL, en colaboración cos departamentos

- a. CARTEIS, relacionados co autor a quen se adica/adicou o Día das Letras Galegas 2020: Ricardo Carballo Calero, e cuxa celebración foi adiada. En colaboración co departamento de Debuxo (D^a Eva M^a Vérez Cotelo)
- b. CERTAME DE FOTOGRAFÍA, en relación coas diferentes saídas culturais, por niveis, en caso de producirse. En colaboración dos distintos departamentos que colaboran e participan nelas.
- c. MICRORRELATOS. Breves relatos/ poemas/ lemas... en relación con celebracións como SEMANA DA CIENCIA GALEGA, en colaboración co departamento de Física e Química (D^a Minia Prego).

4. LECTURA DE TEXTOS

- a. Encol do homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas, Ricardo Carballo Calero, nos diferentes niveis de ensino, faranse lecturas de textos para a difusión da súa obra e coñecemento do valor do autor. Departamento de Lingua galega e Literatura (diferentes niveis, por determinar; profesorado do Departamento)
- b. Continuamos coa celebración do Día de Rosalía, cunha lectura dos seus textos por parte de alumnado de 3^o de ESO e 1^o de Bacharelato, especialmente-

Dpto. de Lingua galega e Literatura (D^a Teresa Pastor M^a Carme Edreira García). Suspendidas mentres se mantéña o actual estado sanitario.

5. CELEBRACIÓNS

- a. (1^o trimestre:
 - O Samaín galego.
 - O 3^o Magosto do Eusebio da Guarda.
 - O Nadal galego.)

Suspendidas polo actual estado sanitario.

En caso de ser posible, organizaríanse as previstas para os sucesivos trimestres.

b. 2º trimestre:

- O Entroido Galego.

c. 3º trimestre: Festa das Letras Galegas.

- Día das Letras Galegas 2020: Ricardo Carballo Calero. Adiado.
- Día de Rosalía- Semana das Letras Galegas.

- Correlingua.

d. Outras datas relevantes, segundo o desenvolvemento das diferentes programacións didácticas.

6. VISITAS E SAÍDAS. En estreita colaboración co Departamento de Lingua Galega e Literatura, e de Xeografía e Historia e Bioloxía e Xeoloxía vanse organizar visitas culturais por niveis educativos que acerquen ao alumnado ao coñecemento do medio natural galego, dos restos arqueolóxicos, históricos e artísticos da nosa comunidade, así como a estreita vinculación coa lingua e as súas manifestacións artísticas, tanto orais como escritas. Especialmente neste curso que comeza no Ano do Patrimonio Cultural Europeo (2018).

1º ESO: Ruta Costa da Morte. Fisterra.

2º ESO: Lugo, cidade romana.

3º ESO: Santiago, destino dos Camiños/ Ruta Rosaliana.

4º ESO: Ruta escritores 1º terzo século XX: Castelao, Dieste...Rianxo

1º BACHARELATO: Ruta Pondaliana. Dolmen de Dombate. Ponteceso.

7. CORRELINGUA. Participación nas diferentes actividades organizadas a prol da defensa da lingua galega e na tradicional festa final na Torre de Hércules.

Nas datas que se determinen pola Organización, de ser posible.

8. COLABORACIÓN

a. Coa Biblioteca: SE TE COIDAS, CÓIDASME. NON MIRES PARA OUTRO LADO

b. Cos Plan Proxecta que se desenvolvan no centro

c. Con aqueloutros proxectos levados a cabo no centro que demanden colaboracións do EDL e contribúan aos obxectivos xerais do mesmo.

9. COLABORACIÓN LINGÜÍSTICA COS DEPARTAMENTOS E PROFESORADO QUE O DEMANDE/PRECISE.

II. 4. Cadro-resumo das actividades

CADRO RESUME DAS ACTIVIDADES PREVISTAS POLO EDL PARA O CURSO 2020-2021

Temporización	Actividade	Responsable/s Departamento/s	Destinatarios
1º trimestre	Celebración do SAMAÍN- Certame decoración portas	Coord. EDLG Plástica Titores	Alumnado ESO Comunidade educativa
	Celebración do 3º MAGOSTO- Festival musical	Coord. EDLG Música Titores	Alumnado ESO Comunidade educativa
	Celebración do Nadal- Concurso de panxoliñas	Coord. EDLG Música Lingua galega Titores	Alumnado ESO Comunidade educativa
2º trimestre	Celebración do Entroido Venres	Coord. EDLG Música Plástica Titores	Alumnado ESO Comunidade educativa
	Saída 1º ESO COSTA DA MORTE Luns 15-03-2021	Coord. EDLG Bioloxía Historia Relixión Lingua galega Titores	Alumnado 1º ESO
	Saída 2º ESO Lugo, cidade amurallada Luns 22-03-2021	Coord. EDLG Bioloxía Historia	Alumnado 2º ESO

		Lingua galega Titores	
	Saída 3º ESO Santiago, fin dos camiños/ Ruta Rosaliana. Luns 12-04-2021	Coord. EDLG Historia Relixión Lingua galega Titores	Alumnado 3º ESO
	Saída 4º ESO: Rianxo, e a literatura do 1º terzo do s. XX Luns 19-04-2021	Coord. EDLG Bioloxía Lingua galega Titores	Alumnado 4º ESO
	Saída 1º BACH RUTA PONDALIANA Luns 26-04-2021	Coord. EDLG Bioloxía Historia Lingua galega Titores	Alumnado 1º BACH
3º trimestre	CORRELINGUA Saída 3º ESO 1ª semana de maio, segundo calendario	Coord. EDLG	Alumnado 3º ESO
	Celebración da semana das LETRAS GALEGAS Quincena de 3-14 de maio 2021	Coord. EDLG	Alumnado Comunidade educativa

As actividades previstas poderían incrementarse con aquelas que foran xurdindo ao longo do curso, a proposta de calquera membro da Comunidade educativa do IES.

Con maior probabilidade, as actividades programadas neste documento terán que sufrir todas aquelas adaptacións necesarias segundo a marcha da pandemia do Covid-19.

As programadas para o primeiro trimestre terán o seu reflexo no blog deste EDLG “A arte-sa do Eusebio”, dada a imposibilidade de realizalas de xeito comunitario, como é tradicional.

As saídas por curso mantéñense na programación coa esperanza de que unha mellora nesta situación permitira levalas a cabo. Son moi valoradas e incluso reclamadas polo alumna-do do centro, que as ten convertido nun momento de disfrute e coñecemento conxunto para os distintos niveis. O pasado curso escolar, conforme ao programado realizouse, con gran éxito-to, a de 1º de ESO unicamente; a de 2º de ESO estaba prevista para o primeiro luns do confinamento, que impediu levala a cabo. Do mesmo xeito as do resto dos cursos, programadas para datas posteriores.

Asimesmo, o equipo mantén a esperanza de que as actividades programadas para o segundo e terceiro trimestre poidan levarse a cabo do xeito previsto.

Dependendo dos distintos escenarios sanitarios e os correspondentes escenarios para o desenvolvemento da práctica docente, serán adaptadas, se fora posible.

Noutro caso, a actividade levarase a cabo telemáticamente, a través do blog “A arte-sa do Eusebio”, lugar de encontro e colaboración dos membros deste equipo, e do conxunto da comunidade educativa.

Saúde e ánimo.

Constitución do EDL

CONSTITUCIÓN DO EQUIPO: Venres 4 de outubro de 2019, ás 12:15 horas, na Sala de titores do IESP, constitúen o Equipo de Dinamización Lingüística da Lingua Galega para o presente curso escolar 2020-21 os membros da Comunidade Educativa relacionados a seguir:

Persoal docente	D. Manuel Blanco Peña (Bioloxía e Xeoloxía) D ^a M ^a Dolores Blanco Vieites (Dpto. Física e Química) D ^a . Dulce M ^a Fernández Graña (Dptº Lingua Galega e Literatura) D. Abel Fernández Maroño (Dptº Xeografía e Historia) D. Antonio Fondo Rodríguez (Dptº Relixión Católica) D ^a . Minia Prego Cabeza (Dptº Física e Química) D ^a Rocío Rodríguez Ferreiro (Dptº Filosofía) D ^a . Beatriz Sixto Rodríguez (Dptº. Matemáticas) D. Manuel Varela Domínguez (Dptº Bioloxía e Xeoloxía) D ^a Eva M ^a Vérez Cotelo (Dpto. Educación Plástica) D. Beni Vidal Tomé (Dptº Lingua Galega e Literatura)
Persoal non docente	Belén García López Vanessa Iglesias Ferreiro
Alumnado	María Rodríguez Cobo (2º bacharelato A) Marta Rodríguez Cobo (2º bacharelato A) María Vázquez Arjomil (2º bacharelato A) Luis Estévez Martínez (2º bacharelato C) Sabela Rodríguez Vázquez (2º bacharelato C) Irene Boedo Ramón (2º bacharelato D) Samanta Cebral Rodríguez (2º bacharelato D) Manuel Gerpe Bastón(2º bacharelato D) Iara Peres Lourenzo (2º bacharelato D)
Coordinadora	M ^a do Carme Edreira García (Dptº Lingua Galega e Literatura)
V.º e prace, a Directora do IESP Eusebio da Guarda	Coordinadora do EDLG
Asdo.: Isabel Ruso de Lago	Asdo.: M ^a do Carme Edreira García